PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/12/2023 13:37:20
Nº Rexistro: 18574
Data envio: 28/12/2023 13:37:20.297

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 27 de decembro de 2023**,** adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

D) Consecuencias da disolución do Parlamento de Galicia no status das deputadas e dos deputados e no réxime xurídico dos grupos parlamentarios

1. Incidencia económica da disolución do Parlamento de Galicia nas deputadas e nos deputados que non forman parte da Deputación Permanente

Polo Decreto 150/2023, do 25 de decembro, da Presidencia da Xunta de Galicia, que entrou en vigor o 26 de decembro de 2023 (DOG núm. 243, do 26 de decembro de 2023), quedou disolto o Parlamento de Galicia, coa conseguinte convocatoria de eleccións que terán lugar o 18 de febreiro de 2024.

A disolución da Cámara comporta a perda da condición de deputada e deputado, sen prexuízo da prórroga nas súas funcións dos membros, titulares e suplentes, da Deputación Permanente, ata a constitución da nova Cámara (art. 21.3 RPG).

En consecuencia, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Os que ata o 25 de decembro de 2023 foron deputadas e deputados do Parlamento de Galicia durante a XI lexislatura e que non sexan titulares ou suplentes da Deputación Permanente, percibiron as asignacións e/ou indemnizacións que lles correspondían pola mensualidade completa de decembro de 2023, pendente unicamente a locomoción debida ás asistencias aos órganos neste mes que se aboa no seguinte.

2.º) Por isto, no tocante aos deputados e deputadas con dedicación exclusiva aboaranse, respecto do mes de decembro íntegro, as cotas correspondentes á cotización nos termos do convenio especial asinado entre o Parlamento de Galicia e a Seguridade Social, así como as relativas ás mutualidades e aos dereitos pasivos dos que foran empregados públicos conforme ao Regulamento do Parlamento, a non ser que a deputada ou o deputado comunique a súa reincorporación ao seu posto público ou á súa actividade laboral ou profesional, caso no que se cotizará ata o día anterior ao indicado.

A cotización á Seguridade Social farase tomando como referencia a base diaria de cotización do último mes completo que tiñan como deputados ou deputadas.

3.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios, aos que foron deputadas e deputados da XI lexislatura e á Intervención e Asuntos Económicos.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2023.12.28 13:36:58 +01'00'

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Deputados e deputadas

CSV: REXISTRO-NWAhydY2r-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/12/2023 13:37:20
Nº Rexistro: 18574
Data envio: 28/12/2023 13:37:20.297

Asinado dixitalmente por:

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente na data 28/12/2023 13:36:58

CSV: REXISTRO-NWAhydY2r-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/